

# Tema 2

## Comportamento nos cruzamentos

### Contidos:

#### Área de **Educación viaria**:

- Os cruzamentos e interseccións: normas, preferencia e precaucións.
- Sinalización.

#### Área de **Linguaxe**:

- Palabra e sílaba.
- A sílaba tónica.
- A oración gramatical: concepto.
- Oracións simples e compostas.

#### Área de **Matemáticas**:

- Repaso de decimais: problemas de euros.
- A liña: tipos.
- Ángulos: concepto e tipos.
- Medición de ángulos.
- Dirección e sentido.

#### Área de **Sociais**:

- Os mapas: concepto.
- Os signos convencionais.
- A escala.

#### Área de **Naturais**:

- A materia: propiedades e estados.
- Concepto de densidade.
- As mesturas.

#### Área **transversal**:

- Educación para a paz: a Unión Europea. Orixe e institucións.

## Comportamento nos cruzamentos

*A semana pasada, de volta a casa, presenciei un accidente.*

*Dous vehículos chocaron nun cruzamento. Ao parecer, circulaban a demasiada velocidade e un deles non respectou un sinal de ceda o paso. Un dos condutores saíu despedido varios metros ao romperse o parabrisas e cando chegou a ambulancia o seu corpo nadaba nun charco de sangue. A acompañante do outro coche tamén resultou gravemente ferida.*



*Un garda civil de tráfico dixo que os cruzamentos ou interseccións son lugares perigosos por ser a zona común de dúas ou máis vías.*

*O condutor da ambulancia dixo que moitos accidentes se evitarían se tivéssemos máis precaución ao entrar nun cruzamento e diminuísemos a velocidade.*

*Preguntei aos presentes quen fora o culpable. Segundo me dixeron, os dous foran imprudentes por conducir demasiado rápido e por non observar atentamente o tráfico, pero quen tivo maior culpa foi o que non respectou o sinal de ceda o paso.*

*Quedoume gravada a imaxe daquel accidente e días máis tarde aínda recordaba as palabras dun dos axentes de tráfico que acudiron ao accidente: “se nun cruzamento non hai ningún sinal, terá preferencia aquel vehículo que saia pola dereita. Se existe algún sinal de preferencia, respectaremos o indicado nel”.*

*A partir de entón, cada vez que paso por un cruzamento ou intersección diminúo a velocidade, observo atentamente e sigo as indicacións dos sinais procurando non bloquear nunca o cruzamento.*

## ACTIVIDADES


1- Le o texto anterior e responde ás seguintes cuestións:

- Que comentou o axente da Garda Civil respecto dos cruzamentos ou interseccións?
- Que precaución, segundo o condutor da ambulancia, deberíamos ter nos cruzamentos para evitar moitos accidentes?
- Quen terá preferencia nun cruzamento se non hai ningún sinal?
- Cal é o comportamento correcto ante un cruzamento, segundo o protagonista da lectura?

2- Consulta o código da circulación e contesta:

- Que é unha intersección?
- Cal é a norma xeral para franquear unha intersección?
- De que debemos asegurarnos antes de iniciar ou continuar a marcha cando debemos ceder o paso a outro vehículo?
- Que normas regulan a preferencia de paso nos cruzamentos?

3- Fíxate nos seguintes sinais e escribe debaixo o seu significado (consulta o código se fose necesario):



**Lembra** que, aínda que teñas preferencia nun cruzamento, é importante moderar a velocidade para poder facer fronte a calquera imprevisto.

4- Fíxate no seguinte fragmento do texto:

“*Dous vehículos chocaron nun cruzamento*”.



Atopámonos ante unha sucesión de **palabras**. Pero, que é unha palabra?


Busca no dicionario o significado de *palabra* e anótao no teu caderno.

5- As palabras están formadas por sílabas. Separa as sílabas da seguinte frase:

*Nun cruzamento sen sinalización, terá prioridade quen se achegue pola dereita.*

6- Como xa sabes, as palabras teñen unha ou máis sílabas, e ,segundo sexa o número de sílabas que as forman, denomínanse: *monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas*. En función disto, clasifica as palabras do primeiro parágrafo do texto.

7- Escribe cinco exemplos de palabras de cada grupo, é dicir, cinco monosílabas, cinco bisílabas, cinco trisílabas e cinco polisílabas.



8- En cada palabra, hai unha sílaba que se pronuncia con maior intensidade, denominada **sílaba tónica**. Coñecendo estes datos, copia no teu caderno as seguintes palabras, subliñando a súa sílaba tónica:

|                     |                   |                     |                   |
|---------------------|-------------------|---------------------|-------------------|
| <i>visibilidade</i> | <i>cruzamento</i> | <i>intersección</i> | <i>sinal</i>      |
| <i>perigo</i>       | <i>dereita</i>    | <i>pavimento</i>    | <i>glorieta</i>   |
| <i>vía</i>          | <i>autovía</i>    | <i>vehículo</i>     | <i>prioridade</i> |

9- Imaxina que estás realizando unha viaxe no teu automóbil cuns amigos e que, ao chegar a un cruzamento, non sabedes que camiño tomar. Baseándote nestes datos, inventa unha historia dunhas vinte liñas na que inclúas o maior número de palabras que poidas do exercicio anterior. Intenta incluír nela algún diálogo entre os seus protagonistas.



**Lembra** que, nun diálogo, para introducir o que di cada un dos personaxes, debemos utilizar un **guión** (-).

## Que é unha ORACIÓN GRAMATICAL?

Unha **ORACIÓN** é un grupo de palabras con **sentido completo** no que se inclúe, polo menos, unha forma verbal conxugada.

Exemplo: *Os cruzamentos son perigosos.*

Segundo o número de verbos da oración, esta poderá ser **SIMPLE** ou **COMPOSTA**.

Unha oración **simple** é aquela que só ten un verbo conxugado.

Exemplo: *Mira a ambos os dous lados.*


Unha oración **composta** é a que ten dous ou máis verbos conxugados.

Exemplo: *Ten preferencia quen sae da dereita.*

## ACTIVIDADES



- 1- Fíxate no segundo parágrafo do texto e copia por separado as súas oracións.
- 2- As oracións anteriores estaban separadas, no texto, por un signo ortográfico. Cal é este signo?
- 3- No texto seguinte hai varias oracións. Cópiao de novo separando as oracións co punto e seguido correspondente.



*Xa levabamos un bo anaco por aquela pequena estrada cando chegamos a un cruzamento era un cruzamento sen sinalización non sabiamos cara a que lado debiamos virar, así que consultamos o mapa chegamos á conclusión de que o camiño correcto era o da esquerda preparámonos para o xiro primeiro, miramos ben que non viñese ningún coche cando nos aseguramos, realizamos a manobra con decisión é importante que non dubidemos nas manobras continuamos a nosa viaxe*

- 4- No texto anterior hai varias oracións. Subliña primeiro os verbos que hai en cada unha delas, e baseándonos nestes, diferencia as oracións simples das compostas.
- 5- Continúa o texto anterior, inventando un final para a historia no que aparezan, polo menos, catro oracións simples e catro oracións compostas. Subliña as que sexan compostas.

## CLASES DE ORACIÓNS SEGUNDO A ACTITUDE DO FALANTE

Os falantes podemos manifestar diversas *actitudes* ante o que dicimos. Esa actitude sinálase cunha determinada **entoación**. Pola entoación sabemos se a persoa enuncia algo, ou pregunta, ou ben se se sorprende, se alegra... Por iso, segundo a actitude do falante, as oracións clasifícanse así:

| clase de oracións    | actitude do falante | EXEMPLO                               |
|----------------------|---------------------|---------------------------------------|
| <b>enunciativa</b>   | informar            | <i>Mercarei un coche</i>              |
| <b>interrogativa</b> | preguntar           | <i>Onde está o cruzamento?</i>        |
| <b>exclamativa</b>   | expresar emoción    | <i>Que curva máis perigosa!</i>       |
| <b>exhortativas</b>  | rogar ou ordenar    | <i>Acelera</i>                        |
| <b>dubitativa</b>    | expresar dúbida     | <i>Talvez merque unha bicicleta</i>   |
| <b>desiderativa</b>  | expresar un desexo  | <i>Oxalá non neve durante a viaxe</i> |

6- Para que serve a entoación na linguaxe? Escribe dúas oracións que, coma no exemplo, aínda tendo as mesmas palabras, teñan carácter diferente pola súa entoación.

*Chegou o autobús - Chegou o autobús?*

7- Que diferentes actitudes poden manifestar os falantes? Pon un exemplo de cada unha delas.

8- Coas palabras *chuvia* e *coche* escribe cinco oracións que expresen distintas actitudes do falante.

9- Clasifica as seguintes oracións segundo sexan **enunciativas**, **interrogativas**, **exclamativas**, **exhortativas**, **desiderativas** ou **dubitativas**.

*Que imprudente é!*                      *Vou comprar un casco.*                      *Oxalá non piquemos.*  
*Coñeces ese sinal?*                      *Quizais te multen por iso.*                      *Para á dereita.*  
*Acelera un pouco máis.*                      *Espero que sexas prudente.*                      *Que curva!*  
*Non quero conducir hoxe.*                      *Se cadra viaxamos xuntos.*                      *Tes o carné?*



**Lembra** que a **entoación** forma parte da oración. Serve para distinguir cal é a actitude do falante en cada oración.



Como saberás, no ano 2002 comezou a circular en todos os países da UE unha nova moeda, o euro, que substituíu ás moedas de cada país. Consulta a cantas pesetas equivalía un euro e utiliza ese dato para resolver os seguintes problemas que presentamos.

## ACTIVIDADES

1-No ano 1998 o prezo destes coches era o seguinte:

- *Seat Toledo TDi: 2.825.430 pesetas.*
- *Citroën Saxo 1.1i: 1.472.239 pesetas.*
- *Audi A4 1.8: 4.248.322 pesetas.*
- *Peugeot 306 Cabrio: 3.387.765 pesetas.*

Cal sería o seu prezo en euros?

2- Neste exercicio faremos o proceso inverso: calcula o prezo en pesetas do seguinte grupo de automóbiles:

- *Ford Fiesta 1.3i: 8.283,13 euros.*
- *Nissan Primera 2.0: 22.433,75 euros.*
- *Seat Alhambra 1.9 Tdi: 25.512,05 euros.*
- *Mercedes S 500 Aut: 90.060,24 euros.*



3- Co euro, podemos pagar en países como Francia, Italia, Alemaña... En función disto, cantos euros necesitaría para organizar a seguinte viaxe por Europa?



- *Gastos de gasolina: 35.438 pesetas.*
- *Gastos de hospedaxe: 175.357 pesetas.*
- *Gastos de alimentación: 143.276 pesetas.*
- *Gastos varios: 56.789 pesetas.*
- *Gastos para agasallos: 35.356 pesetas.*

*Desviámonos da estrada xeral para visitar un castro celta que estaba sinalado no plano. Despois dun anaco, pensamos que nos equivocáramos e preguntamos a un señor da aldea.*



- Claro! - dixo - hai tres desvíos moi xuntos e vostedes tomaron o segundo, o que forma un **ángulo agudo** coa estrada. O anterior é **perpendicular**, é dicir, forma un **ángulo recto** e o terceiro sae formando un **ángulo obtuso**.

- Este home debe ser o mestre do pobo! - pensamos nós.

- Estamos listos!



- Xa verán. - continuou o "mestre" - Van volver agora pola estrada comarcal, que ten mellor firme, e que remata na nacional formando un ángulo de  $90^\circ$  con ela, é dicir, que é perpendicular; este é o primeiro desvío do que lles falaba. Cando paren no STOP, verán en fronte os carteis indicadores que lles sinalan a **dirección** (Lugo - Madrid; Madrid - Lugo) e deberán coller o **sentido** Madrid - Lugo, cara a Lugo, cara á dereita, ata o punto de **intersección** que forma o **ángulo obtuso**, que é o terceiro cruzamento. Esta é a estrada pola que teñen que ir.

Comprobarán que van ben ao ver un río á súa esquerda, que **converxe** coa estrada e despois, durante algo máis dun quilómetro, transcorren **paralelos**. En canto se separen do río, verán á súa dereita a indicación do castro que buscan por un camiño sen asfaltar. Non ten perda. Enseguida verán o cerro sobre o que está. Boa viaxe!

- Vale, grazas!

- E agora, que facemos?

...


---

---

## ACTIVIDADES

1- Onde se xuntan dúas estradas dicimos que hai un **punto de intersección**. Nos mapas, as estradas son liñas que moitas veces se xuntan en interseccións. Como definirías ti entón, en xeral, o concepto xeométrico de *punto de intersección*?

2- A estrada, no plano, é unha liña que ás veces é **recta** e que ás veces ten **curvas**. Tamén podemos dicir que, en ocasións, está moi **ondulada**. Por tanto, que tipos de liñas cres que pode haber? Define, coa axuda do dicionario, os tres tipos de liña e fai un debuxo de cada unha delas.



3- No texto anterior dise que unha estrada e o río converxen e despois seguen un tramo paralelos. Saberás relacionar como son as rectas pola súa posición entre elas?






paralelas  
converxentes  
diverxentes

sepáranse desde un punto común  
por moito que se prolonguen, nunca se xuntan  
tenden a xuntarse nun punto

4- As raias continuas pintadas en branco nas estradas, de que tipo de liña dos anteriores son? Por que?

5- Fíxate no sinal seguinte de paso a nivel sen barreiras e contesta: que é un ángulo? Búscalo no dicionario e copia a súa definición xeométrica. Enumera cinco obxectos que conteñan ángulos e debuxa dous deles sinalando ditos ángulos.



6- Os ángulos medímolos en **graos**. 1 grao é cada unha das 360 partes nas que se divide a circunferencia. Se dividimos a circunferencia en dúas partes, cantos graos terá cada unha? E se a dividimos en catro partes?


7- As rectas que delimitan un sinal cadrado de tráfico, cantos ángulos forman? Son todos iguais?

A este tipo de ángulos chamámoslles **ángulos rectos**. Se liches o texto, saberás dicir cantos graos ten un ángulo recto?



8- Pon todos os exemplos que se che ocorran de obxectos que conteñan ángulos rectos. Debuxa un e marca os seus ángulos rectos sinalando os seus graos.

9- No texto aparecen tres tipos de ángulos: *recto*, *agudo* e *obtusos*. Sabendo que un ángulo **agudo** ten **menos de 90°** e que un ángulo **obtusos** ten **máis de 90°**, marca nos seguintes sinais de paso a nivel sen barreiras, de stop e de ceda o paso todos os seus ángulos, e indica cales son agudos e cales obtusos.



10- No texto, o mestre di que hai tres desvíos xuntos, formando cada un deles un ángulo diferente. Debuxa un bosquexo que sinale, aproximadamente, como son eses tres cruzamentos e os ángulos que forman.




11- Completa o seguinte texto:

Un ángulo \_\_\_\_\_ vale menos que un recto, que mide \_\_\_\_ graos. Entón, se un ángulo mide  $70^\circ$ , dicimos que é \_\_\_\_\_. Pero se teño un ángulo de  $120^\circ$ , este é \_\_\_\_\_ porque mide máis de \_\_\_\_ graos. Polo tanto, todos os ángulos que miden máis que un ángulo de  $90^\circ$ , o ángulo \_\_\_\_\_, denomínanse \_\_\_\_\_.

11- A suma de dous ángulos rectos é un **ángulo plano**. Canto mide entón un ángulo plano? Debuxa un ángulo plano e di a que fracción da circunferencia corresponderá en función dos seus graos.

12- Para medir ángulos, utilízase o **transportador**. É un semicírculo graduado de  $0^\circ$  a  $180^\circ$ . Utilizando o transportador, mide todos os ángulos do exercicio 9.



13- Coa axuda do transportador e da regra debuxa ángulos que teñan as seguintes medidas e di de que tipo é cada un deles.



$145^\circ$

$50^\circ$

$98^\circ$

$175^\circ$

$36^\circ$

$125^\circ$

14- No texto, o “mestre” fala dos conceptos de **dirección** e **sentido**. Cal é a diferenza entre ambos conceptos?

15- Imaxina unha viaxe en avión por Europa e que queres saber que direccións deberá seguir o piloto para percorrer determinados países. Coa axuda dun atlas, pon o nome de todos os países que aparecen no mapa de Europa adxunto, une cunha liña as parellas de países indicados a continuación e di cales serán as direccións e sentidos que se deberán seguir para ir dun ao outro.

- España ----- Suecia

- Suecia ----- Italia

- Italia ----- Francia

- Francia ----- Alemaña

- Alemaña ----- Polonia

- Polonia ----- Rumanía

- Rumanía ----- Inglaterra

- Inglaterra ----- España



(as direccións e sentidos serán os puntos cardinais cos seus respectivos puntos medios: noroeste, sueste...)

# EUROPA

---



## Os Mapas

Os mapas son representacións gráficas reducidas e planas de toda a superficie terrestre o de parte dela.

O mapa é un material auxiliar fundamental para o estudo da Xeografía. Existen tantos tipos de mapas como fenómenos xeográficos queiramos representar. Así, teremos mapas *físicos*, *políticos*, *climáticos*, *demográficos*...

En todos os mapas aparecen representados os diferentes elementos da realidade: cidades, estradas, montañas, lagos... Representáanse mediante símbolos sinxelos. Son os denominados **signos convencionais**, cuxo significado soe aparecer nun recadro do mapa, denominado *lenda*. Aínda que cada mapa ten os seus signos específicos, os máis comúns son:

- Os ríos, con trazos azuis.
- O relevo, mediante curvas de nivel e gamas de cores.
- As cidades, con puntos ou círculos negros segundo a súa importancia.
- As fronteiras, con liñas continuas o descontinuas, etc.

Pero, ademais dos signos convencionais, debemos ter en consideración un elemento fundamental nos mapas: **a escala**.

A escala é a relación entre unha lonxitude medida no mapa e a lonxitude correspondente na realidade.


Aínda que ás veces atopamos mapas coa escala en forma gráfica, mediante unha liña graduada, o máis común é representar a escala mediante unha *proporción*. Nela, dirásenos a cantos centímetros equivale na realidade un centímetro no mapa e representáase así:

**1 : 500.000; 1 : 35.000; 1 : 2.500.000; etc.**

Así, un mapa a escala, por exemplo, 1 : 500.000, significa que un centímetro no mapa equivale a 500.000 cm, é dicir 5 km, na realidade.

## ACTIVIDADES

1- Le detidamente o cadro anterior e contesta, posteriormente, ás seguintes preguntas:




- Que é un mapa? Para que serven os mapas?
- Para que ciencia son fundamentais os mapas? Que se encarga de estudar dita ciencia?

2- No cadro enuméranse varios tipos de mapas:

- Cales son?
- Para que serve cada un deles? (consulta bibliografía se o precisas).
- Que elementos aparecerán en cada tipo de mapas?
- Coñeces algún tipo de mapa máis? Cítao, di para que serve e enumera os elementos que aparecerán nel.

3- Relaciona con frechas os distintos tipos de mapas cos elementos que se incluírán neles.



Físicos

Políticos

Demográficos

Climáticos

Anticiclóns

Movimentos de poboación

Provincias


Borrascas

Montañas

Cidades


Ríos

Comunidades autónomas



4- Os mapas serven para representar a realidade no plano. Pero, como se chaman os signos que representan os elementos da realidade (cidades, ríos, etc.)? Onde se atopan localizados nos mapas? Poderías enumerar algúns dos signos máis utilizados?

5- Para poder confeccionar os mapas, necesítase levar a cabo unha diminución do tamaño real do que se vai representar para adaptalo ás medidas do plano. Mediante que elemento sabemos cal é a relación entre ambos tamaños?



6- Define o concepto de *escala*.

7- Se un mapa ten unha escala  $1 : 100.000$ , que quererá dicir?

8- Fíxate na túa aula. Realiza, o máis preciso que poidas, un plano dela, empregando a *escala* que consideres precisa. Inclúe, ademais, una pequena “lenda” onde aparezan algúns *signos convencionais* da túa invención que representen aspectos significativos da aula.

9- Nun mapa a escala **1 : 500.000**, dous puntos están separados por 12 centímetros. Cal é a distancia que lles separa na realidade?

10- Nun mapa de España a escala **1 : 800.000**, realizamos as seguintes medicións:

*Lugo ----- Madrid: 62 cm.*

*León ----- Oviedo: 15 cm.*

*A Coruña ----- Santiago: 10 cm.*



Cal é a distancia real que separa estas cidades?

11- Nun mapa de España, medimos a distancia entre Ourense e Santiago de Compostela, e resulta que é de 20 cm. Como sabemos que ambas cidades, na realidade, están separadas por 100 km, cal será a escala á que está dito mapa?



12- Como podes ver, á túa esquerda tes un mapa de Italia, no que aparece a súa capital, Roma, e algunhas das súas cidades máis importantes.

Tendo en conta que a escala do mapa é de **1 : 10.000.000**, pescuda, medindo no mapa e logo aplicando a escala, a distancia real entre as seguintes localidades:

- Roma ----- Nápoles
- Palermo ----- Cagliari
- Milán ----- Florencia
- Venecia ----- Roma
- Cagliari ----- Florencia
- Milán ----- Palermo



Sinala, ademais, que sentido teremos que tomar para desprazarnos da primeira á segunda localidade de cada liña.

# A materia



*Estamos rodeados de cousas que podemos ver, tocar, ulir..., é dicir, percibilas polos nosos sentidos, ás que chamamos obxectos materiais, isto é, **materia**.*

*Chamamos materia a todo o que ten masa e que ocupa un lugar no espazo, é dicir, que ten **volume**.*

*A masa dos corpos é a cantidade de materia que ten. Mídese en quilogramos e os seus múltiplos e divisores; o volume é a medida do espazo que ocupa un corpo e mídese en metros cúbicos e os seus múltiplos e divisores.*

*Ademais da masa e o volume, os corpos teñen outras propiedades características que permiten diferenciarlos, como son: o olor, o sabor, a densidade, o punto de fusión e o punto de ebulición. Destas propiedades, unhas pódense medir e outras non.*

*Algunhas propiedades son características dunha das tres formas ou estados en que pode encontrarse a materia: sólido, líquido o gasoso, que veremos con máis detemento en temas posteriores.*

*Outra propiedade dos corpos é a súa **DENSIDADE**. Na nosa vida ordinaria temos comprobado moitas veces como dous corpos de igual volume teñen distinto peso, o que significa que, nun mesmo volume, a cantidade de masa dun deles é maior que a do outro. Así, dicimos que a densidade dun corpo é o cociente entre a súa masa e o seu volume.*

$$DENSIDADE = \frac{MASA}{VOLUME}$$

---

## ACTIVIDADES

1- Consultando o dicionario, define os seguintes termos:

*materia    masa    volume    fusión    ebulición*

2- A luz e o son son materia? Por que?

3- Que cualidades caracterizan á materia ou substancia?



4- En que temos que fixarnos para distinguir unha substancia doutra?





5- Para que nos serve coñecer as propiedades das substancias?

6- Une con frechas cada un dos materiais con dúas propiedades que o caractericen.

| MATERIAIS   | CARACTERÍSTICAS   |
|---|---|
|  |  |

7- Coloca na columna que corresponda as seguintes características que poden ter as substancias: *dureza, flexibilidade, volume, olor, resistencia, densidade, masa, punto de fusión, peso e temperatura.*

MEDIBLES

NON MEDIBLES

8- O leite e o aceite son substancias. Sinala tres calidades que distinguan unha doutra.

9- Por que dous corpos non poden ocupar o mesmo lugar no espazo ao mesmo tempo?

10- Calcula as densidades das seguintes materias:


| MATERIA | VOLUME<br>(cm <sup>3</sup> ) | MASA<br>(g) | DENSIDADE<br>(g/cm <sup>3</sup> ) |
|---------|------------------------------|-------------|-----------------------------------|
| AUGA    | 1                            | 1           |                                   |
| CORTIZA | 1                            | 0,25        |                                   |
| FERRO   | 2                            | 15,8        |                                   |
| CHUMBO  | 0,5                          | 5,65        |                                   |
| COBRE   | 1                            | 8,9         |                                   |



Xeralmente, na natureza, as substancias non se presentan illadas, senón que forman mesturas, onde cada un dos compoñentes desta mestura conserva as súas características ou propiedades.

**Mestura** é, entón, unha combinación, en calquera proporción, de dous ou máis substancias puras onde estas conservan cada unha das súas propiedades características.

As mesturas poden ser **homoxéneas** e **heteroxéneas**. Nas homoxéneas, os compoñentes non os podemos distinguir facilmente, xa que presentan un aspecto uniforme; nas heteroxéneas, distinguímolos a simple vista. A modo de esquema:



As mesturas homoxéneas chámanse tamén **disolucións** e poden ser:

- Sólidas, como o chocolate (cacao, azucre e outros) ou o bronce (cobre e estaño). As mesturas homoxéneas de metais denomínanse aliaxes.
- Líquidas, como a auga do mar.
- Gasosas, como o aire (mestura de gases: osíxeno, nitróxeno e outros).



Os compoñentes dunha mestura poden separarse por medios físicos (filtración, destilación, decantación e outros máis complexos en laboratorios).

---

---

## ACTIVIDADES

1- Na relación seguinte hai mesturas e substancias puras. Sepáraas en dúas columnas diferenciadas:

*prata, terra, aire, osíxeno, auga, ferro, papel, leite, sal, latón*


2- Supón que queres separar os compoñentes da seguinte mestura: serraduras e limadura de ferro. Como o farías? Cómo é esta mestura, homoxénea ou heteroxénea?



## A Unión Europea

As dúas Guerras Mundiais (1914-1918 e 1939-1945) deixaron Europa en ruínas e marcada polas discordias internas. Para saír desta situación, varios países europeos emprenderon o camiño da unidade, mediante acordos económicos e sociais que impulsasen a cooperación e a solidariedade entre os seus pobos.

E así, en 1957, asinaron o Tratado de Roma, que deu orixe á **Comunidade Económica Europea** (CEE). Esta comunidade foi ampliando os seus obxectivos e o número de países membros. Hoxe coñécese co nome de **Unión Europea** (UE) e está integrada por **27 países**, tras a última ampliación do ano 2007.



A Unión Europea pretende chegar a unha auténtica unión de todos os países que a integran mediante un desenvolvemento harmónico e coordinado de todos os países membros. Para iso, puxo en marcha un **mercado común** que permite a libre circulación de mercadorías, capitais e persoas entre os seus países membros e unha **unión económica** que permite utilizar unha mesma moeda, un só banco central e lexislacións comúns en materias de transporte, traballo, etc.

As principais **institucións** da Unión Europea son:

- O **Consello Europeo**: formado polos xefes de estado dos países membros, define as liñas xerais da política da Unión.

- O **Consello da Unión Europea** (ou Consello de Ministros) está formado por un representante de cada Estado. É o principal órgano de goberno e o encargado de tomar as decisións da Unión.

- A **Comisión Europea**: formada por 20 representantes escollidos polos gobernos dos países da UE, é o órgano executor do disposto nos tratados, as decisións do consello, etc. Os comisarios deben actuar con independencia fronte aos gobernos do Consello.

- O **Parlamento Europeo**: constituído por 750 representantes escollidos por sufraxio universal. Controla e asesora á Comisión, aproba o ordenamento e participa na elaboración das leis.

- O **Tribunal de Xustiza**: formado por 15 xuíces, vela pola correcta aplicación das disposicións do dereito comunitario.

## ACTIVIDADES

- 1- Que acontecementos deixaron a Europa nunha situación desoladora? En que datas se produciron?
- 2- Que decisión tomaron varios países europeos para saír da crise? Que organismo crearon e en que data?
- 3- Con que nome se coñece hoxe á Comunidade Económica Europea?
- 4- A Unión Europea está actualmente formada por 27 países. No mapa seguinte, e coa axuda dunha enciclopedia, sinala estes países.
- 5- Cal é o principal obxectivo da Unión Europea?
- 6- Unha das bases da UE é a creación dun *mercado común*. Que vantaxes supón?
- 7- No texto enuméranse as cinco institucións fundamentais da Unión Europea. Cales son?
- 8- Cal é o principal órgano de goberno da UE? Que cometido ten?
- 9- O *Parlamento Europeo*, segundo o texto, está formado por 750 representantes escollidos por **sufrexio universal**. Que significa iso?
- 10- Consideras positivo que España forme parte da Unión Europea? Razona a túa resposta.

